O determinar a información a desglosar na presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, a Federación, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tivo en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais do exercicio 2020.

### NOTA 3 – APLICACIÓN DE RESULTADOS

O resultado obtido no ano 2020 ascendeu a un beneficio de 106.424,41 €. O resultado distribuíse segundo o seguinte cadro:

Base de reparto	Importe 2020	Importe 2019
Perdas e ganancias (Ganancias)	106.424,41 €	181.916,83 €
<b>Total aplicación de resultados</b>	<b>106.424,41 €</b>	<b>181.916,83 €</b>
<b>Aplicación do Beneficio</b>		
Compensación de perdidas de exercicios anteriores	28.621,58 €	181.916,83 €
Reservas	77.802,83 €	-
<b>Total</b>	<b>106.424,41 €</b>	<b>181.916,83 €</b>

### NOTA 4 - NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

Os criterios contables más significativos aplicados na formulación das contas anuais son os seguintes:

#### A) INMOBILIZACIÓNS INTANXIBLE

O inmobiliado inmaterial rexístrase a coste de adquisición. Non se capitalizan os gastos financeiros.

A amortización do inmobiliado inmaterial calcúlase sistematicamente polo método lineal en función da vida útil dos respectivos bens, segundo o detalle:

INMOBILIZADO	ANOS DE VIDA ÚTIL ESTIMADA
Aplicacións informáticas.	4

#### B) INMOBILIZACIÓNS MATERIAIS

O inmobiliado material rexístrase a coste de adquisición . Non se capitalizan os gastos financeiros.

Os gastos de conservación e mantemento incorridos durante o exercicio cárganse á conta de perdas e ganancias.

A amortización do inmobilizado material calcúlase sistematicamente polo método lineal en función da vida útil dos respectivos bens, atendendo a depreciación efectivamente sufrida polo seu funcionamento, uso e disfrute distribuíndo o coste dos activos entre os anos de vida útil estimada , segundo o detalle:

INMOBILIZADO	ANOS DE VIDA ÚTIL ESTIMADA
Outras instalacións	10
Mobiliario	10
Elementos de transporte	10
Outro Inmobilizado material	10

**Inversións Inmobiliarias.-** A Federación non ten construcións nin terreos que deban clasificarse coma inversión inmobiliarias.

### C) INSTRUMENTOS FINANCIEROS

#### 1. Activos financeiros.

A FEDERACIÓN rexistra os instrumentos financeiros no seu balance cando se converte nunha parte obrigada do contrato o negocio xurídico, conforme as disposicións do mesmo, que da lugar a un activo financeiro na Federación e un pasivo financeiro noutra entidade ou viceversa.

En liñas Xerais considerase un activo financeiro a calquera activo que sexa: diñeiro en efectivo, un instrumento de patrimonio, ou supoña un dereito contractual a recibir efectivo ou outro activo financeiro, ou a intercambiar activos ou pasivos financeiros con terceiros en condicións potencialmente favorables.

##### 1.1. Préstamos e partidas a cobrar

Nesta categoría incluíronse os activos que se orixinaron na prestación de servizos por operacións de tráfico da FEDERACIÓN. Tamén incluíronse aqueles activos financeiros que non se orixinaron nas operacións de tráfico da Federación e que non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados, presentan uns cobros de contía determinada ou determinable, e non cotizan en mercados organizados.

Estes activos financeiros valoráronse polo seu valor razoable que non é outra cousa que o prezo da transacción, é dicir, o valor razoable da contra prestación máis tódolos costes que lle foron directamente atribuíbles.

Posteriormente, estes activos valoráronse polo seu coste amortizado, imputando na conta de perdas e ganancias os intereses devengados, aplicando o método do xuro efectivo.

Os débitos con vencimento non superior o ano rexistráronse polo seu valor nominal na medida en que non difiren significativamente do seu valor razonable.

Os depósitos e fianzas entregados ou recibidos recoñécense polo importe efectivamente desembolsado, ó considerar que a diferencia que entre este último e o valor razonable non é significativa.

Recoñecen no resultado do período as correccións por deterioro de valor (dotacións e retrocesións) dos activos financeiros pola diferencia entre o valor en libros e o valor actual dos fluxos de efectivo recuperable.

### **1.2. Deterioro de valor**

Un activo financeiro o grupo de activos financeiros está deteriorado e produciuse unha perda por deterioro, e existe evidencia obxectiva do deterioro como resultado dun ou máis eventos que ocorreron despois do recoñecemento inicial do activo e ese evento ou eventos causantes da perda teñen un impacto sobre os fixos de efectivo futuros

estimados do activo ou grupo de activos financeiros, que pode ser estimado con fiabilidade.

A Federación segue o criterio de rexistrar as oportunas correccións valorativas por deterioro de préstamos e partidas a cobrar e instrumentos de débeda, cando se produce unha redución ou retraso nos fluxos de efectivo estimados futuros, motivados pola insolvencia do debedor.

Asimesmo no caso de instrumentos de patrimonio, existe deterioro de valor cando segundo as circunstancias existen dúbidas sobre a recuperabilidade do valor en libros do activo por un descenso prolongado ou significativo no seu valor razonable.

### **1.3. Criterios para a baixa de activos financeiros**

A federación da de baixa un activo financeiro, cando expiren ou sexan cedidos os dereitos contractuais sobre os fluxos de efectivo do activo financeiro. Nas cesións de activos financeiros nas que sexan retidos substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade, a Federación non dará de baixa os activos financeiros e recoñecerá un pasivo financeiro por un importe igual a contraprestación recibida.

## **2. Pasivos financeiros**

Os instrumentos financeiros emitidos, incorridos ou assumidos clasifícanse como pasivos financeiros, na súa totalidade ou a unha das súas partes, sempre que de acordo coa súa realidade económica supoñan para a Federación unha obrigación contractual, directa ou indirecta, de entregar efectivo ou outro activo financeiro, ou de intercambiar activos ou pasivos financeiros con terceiros en condicións potencialmente desfavorables.

## 2.1. Débitos e partidas a pagar

Nesta categoría inclúronse os pasivos financeiros que se orixinaron na compra de bens e servizos por operacións de tráfico da empresa e aqueles que non sendo instrumentos derivados, non teñen unha orixe comercial.

Inicialmente, estes pasivos financeiros rexistráronse polo seu valor razonable que é o prezo da transacción máis todos aqueles custos que foron directamente atribuíbles. Posteriormente, valoráronse polo seu coste amortizado. Os intereses devengados contabilizáronse na conta de perdas e ganancias, aplicando o método de xuro efectivo.

Os débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñen un tipo de xuro contractual valoráronse polo seu valor nominal.

Os préstamos e descubertos bancarios que deveñan intereses rexístranse polo importe recibido, neto de costes directos de emisión (comisións de apertura). Os gastos financeiros e os custos directos de emisión, contabilízanse segundo o criterio do deveño na conta de resultados utilizando o método do xuro efectivo e engádese ó importe en libros do instrumento na medida que non se liquidan no período que se deveñan.

Os préstamos clasifícanse como correntes salvo ca Federación teña o dereito incondicional para aprazar a cancelación do pasivo durante, ó menos, os doce meses seguintes á data do balance.

Os acreedores comerciais non deveñan explicitamente intereses e se rexistran polo seu valor nominal.

As débedas valóranse segundo os importes dispostos ós que se sumarán os xuros devengados. Clasifícanse en función dos vencementos á data de balance, considerando curto prazo aqueles con vencemento que ten lugar nos 12 meses seguintes ó peche de contas e largo prazo as que superan dito período.

## D) EXISTENCIAS.

A Federación ten existencias por valor de 51.655,20 € ó peche do exercicio.

O material deportivo valorase ó prezo de adquisición, efectuando as correccións oportunas por deterioro do valor das existencias reducindo o importe da valoración ó peche do exercicio. Cando o valor neto realizable das existencias é inferior ó seu prezo de adquisición, recoñécese coma un gasto na conta de perdas e ganancias a través da conta "variación de existencias". No exercicio 2020 non houbo corrección na valoración do stock posto que son prendas deportivas que están actualmente en circulación.

Por outra banda, parte dos aprovisionamentos que contabiliza a Federación refírense a compras de material deportivo subvencionado por diferentes Organismos Públicos, de xeito que tan pronto como entran, saen coa entrega ós distintos clubs.

#### **E) IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES**

Pola súa natureza esta Federación está exenta respecto do Imposto de Sociedades nas actividades que desenvolveu no ano 2020.

#### **F) CONTABILIZACIÓN DE INGRESOS E GASTOS**

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio do deveño, este é cando se produce a corrente real de bens e servizos cos mesmos representan con independencia do momento no que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Sen embargo, seguindo o principio de prudencia, a Federación Galega de Balonmán únicamente contabiliza os beneficios realizados á data do peche do exercicio, en tanto que os riscos previsibles e as perdidas, ánda sendo eventuais, contabilízanse tan pronto se coñecen.

#### **G) SUBVENCIÓNS.**

Recoñécense polo seu valor razoable do importe concedido, si o pago e en efectivo o polo seu valor razoable dos bens ou servicios aportados si o pago e non monetario ou en especies. Se o fin é asegurar unha rentabilidade mínima ou cubrir o déficit da explotación, impútanse á conta de resultados no exercicio para o que se destina. Si é para financiar gastos específicos, impútanse no exercicio no que se produza o gasto.

Cando se conceden para adquirir activos ou cancelar pasivos, impútanse a resultados segundo a amortización ou cando se enaxenen os activos e/ou cancelen os pasivos, se non teñen unha finalidade específica, impútanse no exercicio da concesión.

As subvencións, dotacións e legados que teñan o carácter de reintegrables rexístranse como pasivos en tanto non adquiran a condición de non reintegrables. A estes efectos considéranse non reintegrables cando existe un acordo individualizado da súa concesión, estean cumplidas as condicións para as cales foron concedidos, e non existan dubidas razoables para a súa percepción.

#### **H) PERIODIFICACIÓNS ACTIVAS E PASIVAS**

As periodificacións pasivas correspondentes a ingresos por seguro deportivo se periodifican en función do período de tempada da competición, e as periodificacións activas en función do período cuberto polas primas de seguro de clubs e xogadores.

## NOTA 5 - INMOBILIZACIONES, MATERIAIS, INTANXIBLE E INVERSIÓNS

Os movementos rexistrados durante os exercicios 2020 e 2019 nas diferentes contas do inmobiliizado material e das súas correspondentes amortizacións acumuladas foron:

Movementos do inmobiliizado material	Importe 2020	Importe 2019
SALDO INICIAL BRUTO	73.394,14	22.123,00
(+) Entradas	21.734,55	51.271,14
(+) Correccións de valor por actualización		
(-) Saídas		
<b>SALDO FINAL BRUTO</b>	<b>95.128,69</b>	<b>73.394,14</b>

Movementos amortización do inmobiliizado material	Importe 2020	Importe 2019
SALDO INICIAL BRUTO	17.270,25	13.570,39
(+) Aumento por dotacións	11.843,22	3.699,86
(+) Aum. amort. acum. por efecto de actualización		
(+) Aumentos por adquisicións o traspasos		
(-) Diminucións por saídas, baixas e traspasos		
<b>SALDO FINAL BRUTO</b>	<b>29.113,47</b>	<b>17.270,25</b>

O novo inmobiliizado material rexistrado correspón dese principalmente coa adquisición de cadeiras para a oficina, un electrocardiograma para os servizos médicos, equipos informáticos e mobiliario diverso.

## NOTA 6 – ACTIVOS FINANCIEROS

Os activos financeiros a longo prazo en 2019 se correspondían exclusivamente cunha fianza outorgada en relación cun contrato de aluguer dunha fonte de auga que se clasifica na categoría de “Préstamos e partidas a cobrar”. En 2020 aumentouse esta partida o depositar a fianza do aluguer do baixo destinado a almacén sito na rúa Martín Echegaray.

A información dos instrumentos financeiros do activo a curto prazo do balance da Federación, sen considerar o efectivo nin outros activos equivalentes, clasificados por categorías, é a que se mostra a continuación:

Créditos, derivados e outros C/P	Importe 2020	Importe 2019
Activos valor razoable con cambios en peg		
Inversións mantidas ata o vencemento		
Préstamos e partidas a cobrar	84.103,56	204.570,38
Activos dispoñibles para la venta		
Derivados de cobertura		
<b>TOTAL</b>	<b>84.103,56</b>	<b>204.570,38</b>

Total activos financeiros C/P	Importe 2020	Importe 2019
Activos a valor razonable con cambios en peg		
Inversións mantidas ata o vencemento		
Préstamos e partidas a cobrar	84.103,56	204.570,38
Activos disponibles para la venta		
Derivados de cobertura		
<b>TOTAL</b>	<b>84.103,56</b>	<b>204.570,38</b>

Dentro do epígrafe de Préstamos e partidas a cobrar a curto prazo atopamos as partidas de ingresos pendentes de cobro procedentes de clubs por importe de 48.495,23 €, e outra partida por importe de 35.608,33 € correspondente a subvencións pendentes de ingresar por parte de diferentes administracións.

#### NOTA 7 – PASIVOS FINANCIEROS

A información dos instrumentos financeiros do pasivo do balance da Federación, clasificados por categorías, é a que se mostra a continuación, sendo todos eles a curto prazo:

Derivados e otros cp	Importe 2020	Importe 2019
Débedas con entidades de crédito	66,91	251,50
Débitos e partidas a pagar	98.779,04	209.444,08
Pasivos a valor razonable con cambios en peg		
Outros		
<b>TOTAL</b>	<b>98.845,95</b>	<b>209.695,58</b>

Total pasivos financeiros cp	Importe 2020	Importe 2019
Débedas con entidades de crédito	66,91	251,50
Débitos e partidas a pagar	98.779,04	209.444,08
Pasivos a valor razonable con cambios en peg		
Outros		
<b>TOTAL</b>	<b>98.845,95</b>	<b>209.695,58</b>

As débedas con entidades de crédito correspóndense cos pagos realizados coa tarxeta de crédito, os cales se liquidan en xaneiro de 2021.

Os principais acredores e provedores incluídos no epígrafe "Débitos e partidas a pagar" correspóndense principalmente á Federación Española de Balonmán (79.039,38 €), e ás partidas de arbitaxe liquidadas en xaneiro (15.450,98 €).

## NOTA 8 - FONDOS PROPIOS

Os fondos propios da Federación, fórmanos o fondo social, as reservas e os beneficios obtidos non distribuídos. O importe dos movementos ocorridos nas partidas de "Fondos Propios", durante os exercicios 2020 e 2019, foron os seguintes:

	Fondo social	Reservas	Resultado exerc. ant.	Resultado do exercicio	Total
<b>A. Saldo axustado, inicio ano 2019</b>	<b>20.252,44</b>	<b>-27.500,15</b>	<b>-49.146,76</b>	<b>-140.733,88</b>	<b>-197.128,35</b>
Resultado do exercicio				181.916,83	181.916,83
Outras variacións do patrimonio neto			<b>-140.733,88</b>	140.733,88	-
<b>B. Saldo, final ano 2019</b>	<b>20.252,44</b>	<b>-27.500,15</b>	<b>-189.880,64</b>	<b>181.916,83</b>	<b>-15.211,52</b>
Axustes por errores (ver Nota 2.7)		<b>-7.682,56</b>	<b>-20.657,77</b>		<b>-28.340,33</b>
<b>C. Saldo axustado, inicio ano 2020</b>	<b>20.252,44</b>	<b>-35.182,71</b>	<b>-210.538,41</b>	<b>181.916,83</b>	<b>-43.551,85</b>
Resultado do exercicio				106.424,41	106.424,41
Outras variacións do patrimonio neto			181.916,83	<b>-181.916,83</b>	-
<b>D. Saldo, final ano 2020</b>	<b>20.252,44</b>	<b>-35.182,71</b>	<b>-28.621,58</b>	<b>106.424,41</b>	<b>62.872,56</b>

## NOTA 9 - SITUACIÓN FISCAL

En xeral, os resultados obtidos nos estados financeiros da Federación, gozan de exención ó tratarse dunha entidade asociativa privada de utilidade pública, sen ánimo de lucro e serlle, consecuentemente, de aplicación o réxime fiscal especial regulado no Título II da Lei 49/2002 de 27 de decembro de Reforma Fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos ó mecenazgo.

A Federación non lle consta a existencia de continxencias en relación de calquera dos tributos do que é contribúnte, sen prexuízo que ten pendente de comprobación os catro últimos exercicios.

Sí é suxeito pasivo do IRPF polas retencións efectuadas ás rendas satisfeitas ós seus traballadores, colaboradores e demais profesionais. Asimesmo, pola natureza da súa actividade a Federación está exenta de IVE, e por tanto o IVE soportado non é deducible. A composición dos saldos cas Administracións Públicas o 31 de Decembro do 2020 e 2019 é a seguinte:

AA.PP. Acredora	Euros	
	2020	2019
HP Acredor por IVA	3.021,36	21.013,69
HP Acredor por retencións práct.	2.615,85	1.716,04
Organismos S.S. Acredores	2.974,11	1.204,90
<b>TOTAL</b>	<b>8.611,32</b>	<b>23.954,63</b>

Os saldos pendentes ca administración nacen nas obrigas laborais e fiscais. A liquidación de ditas contas faise o mes seguinte de ser devengadas, polo tanto estas contas liquidaranse en Xaneiro do 2021.

## NOTA 10 - INGRESOS E GASTOS

### a) Aprovisionamentos

O desglose da partida de "Aprovisionamentos" da conta de perdas e ganancias é:

Aprovisionamentos	Importe 2020	Importe 2019
Consumo de mercadorías	40.286,64	-28.990,65
a) Compras, netas devol. e dto. de las cales:	56.884,42	6.066,77
- nacionais	56.884,42	6.066,77
- adquisicións intracomunitarias		
- importacións		
b) Variación de existencias	-16.597,78	-35.057,42
Consumo de mat. primas e outras mat. consumibles		
a) Compras, netas devol. e dto. de las cales:		
- nacionais		
- adquisicións intracomunitarias		
- importacións		
b) Variación de existencias		
Traballos realizados por outras empresas	168.921,56	370.968,58
<b>Total</b>	<b>209.208,20</b>	<b>341.977,93</b>

### b) Persoal

O detalle do epígrafe de "Gastos de persoal" desglósase do xeito seguinte:

Concepto	Importe 2020	Importe 2019
<b>Gastos de persoal</b>	<b>90.499,26</b>	<b>64.103,78</b>
Soldos e salarios	68.137,34	48.168,34
Cargas sociais	22.361,92	15.935,44
a) Seguridade Social a cargo de la empresa	22.361,92	15.427,24
b) Aportacións e dotacións para pensións		
c) Outras cargas sociais		508,20

### c) Outros gastos de explotación

O desglose da partida de "Outros gastos de explotación" é o seguinte:

Concepto	Importe 2019	Importe 2019
Outros gastos da actividade	399.546,09	482.433,97
a) Perdas e deterioro operacións comerciais		7.945,00
b) Resto de gastos de la actividade	399.546,09	474.488,97

#### d) Importe dos ingresos

A Federación Galega de Balonmán actúa na comunidade galega sendo as súas principais fontes de ingreso as actividades adicadas ós seus asociados. Ademais dos ingresos por subvencións, no seu caso, xa descritas na NOTA 11, relaciónanse todos os ingresos da Federación:

Concepto	2020	2019
Licencias, seguros deportivos e canon participación	276.628,61	324.756,32
Dereitos arbitrais	95.818,46	161.590,85
Patrocinadores	56.933,85	85.065,13
Actividades docentes	50.960,00	0
Material deportivo	3.526,40	0
Outros ingresos	23.323,00	144.847,36
<b>Total Cifra de Negocio</b>	<b>507.190,32</b>	<b>716.259,66</b>
Colaboracións	40.000,00	37.000,00
Subvenciones Comunidades Autónomas	189.614,00	215.970,00
Subvenciones Outros organismos	82.483,33	103.383,45
<b>Total outros ingresos explotación</b>	<b>312.097,33</b>	<b>356.353,45</b>

#### NOTA 11 – SUBVENCIONES RECIBIDAS.

As subvencións recibidas o longo do exercicio 2020 foron na súa totalidade de explotación e para as actividades propias da Federación Galega de Balonmán. O detalle por administración ou organismo concedente é como sigue:

	2020	2019
Autonómica	189.614,00	215.970,00
Deputacións	66.875,00	88.661,45
Outros organismos	15.608,33	14.722,00
Colaboracións	40.000,00	37.000,00
	<b>312.097,33</b>	<b>356.353,45</b>

No exercicio 2020 e 2019 non se recibiu ningunha subvención de capital.

A Xunta Directiva da Federación considera que se cumpriron, as condicións establecidas nas correspondentes resolucións de concesión das citadas subvencións, para que as mesmas se consideren definitivas.

## NOTA 12 – OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS.

O longo dos exercicios 2020 e 2019 non se devengaron remuneracións ou soldos a favor da Xunta de Goberno, se ben perciben o importe dos gastos efectivamente realizados nos seus desprazamentos por motivos propios do desenrollo do seu cargo e da propia actividade da Federación.

GASTOS XUNTA DIRECTIVA	2020	2019
Desprazamento e manutención directivos	19.361,95	19.663,95

Cabe sinalar que as persoas que desempeñan o cargo de secretaria e tesoureira, forman parte do cadro de persoal da Federación, cobrando unha remuneración por desempeñar funcións exclusivamente administrativas recollidas nun contrato laboral.

GASTOS PERSOAL	2020	2019
María Luisa Sueiro Cardoso	14.283,24	14.283,24
Patricia Sanmiguel García	16.925,34	12.085,03

## NOTA 13 - OUTRA INFORMACIÓN

Non se contraerón obrigas en materia de pensións e seguros de vida, nin tampouco existe anticipo o respecto.

O listado promedio da plantilla da Federación durante o ano 2020 é o seguinte:

Descripción	Fijos	Eventuales	Total
Trabajadores en Alta al Inicio	4	0	4
Altas durante el periodo	1	1	2
Bajas durante el periodo	0	0	0
Trabajadores en Alta al Final	5	1	6
Plantilla media discapacitados >0=33%	0,000	0,000	0,000
Plantilla media Total	2,969	0,418	3,407

O listado promedio da plantilla da Federación durante o ano 2019 foi o seguinte:

Descripción	Fijos	Eventuales	Total
Trabajadores en Alta al Inicio	3	0	3
Altas durante el periodo	1	0	1
Bajas durante el periodo	0	0	0
Trabajadores en Alta al Final	4	0	4
Plantilla media discapacitados >0=33%	0,000	0,000	0,000
Plantilla media Total	2,459	0,000	2,459

#### **NOTA 14 – INFORMACIÓN MEDIOAMBIENTAL**

Pola súa natureza en canto as actividades desenroladas pola Federación Galega de Balonmán, non concorren fitos desta índole. Nas presentes contas anuais NON existe ningunha partida de natureza medioambiental que deba de ser engadida de acordo á norma de elaboración “4ª Contas Anuais abreviadas” no seu punto 5, da terceira parte dos Plan Xeral de Contabilidade. (Real Decreto 1514/2007 de 16 de Novembro).

#### **NOTA 15 – INFORMACIÓN SOBRE OS APRAZAMENTOS DE PAGO EFECTUADOS A PROVEORES. DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. “DEBER DE INFORMACIÓN” DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO**

A información, en relación co período medio de pagamento a provedores en operacións comerciais, é a seguinte:

Período medio de pago a provedores	<b>Exercicio 2020</b>		<b>Exercicio 2019</b>	
	importe		importe	
	30		45	

#### **NOTA 16 – APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS**

Ejercicio	Excedente del ejercicio	Ajustes negativos	Ajustes positivos	Base de cálculo	Recursos destinados a fines (Gastos + Inversiones)	Aplicación de los recursos destinados en cumplimiento de sus fines	
						2019	2020
2019	181.916,83	0,00	892.215,54	1.074.132,37	931.841,82	931.841,82	
2020	106.424,41	28.340,33	713.086,33	791.170,41	722.977,66		722.977,66

### NOTA 17 – LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

O orzamento previsto para o ano 2020 sufriu importantes desviacións motivadas pola crise sanitaria da Covid-19, a cal impidiu a realización de numeros torneos e eventos que se tiñan programados, ademais de ter que levar a cabo iniciativas para paliar estes efectos.

GASTOS	PREVISTO	REALIZADO	DESVIACIÓN	% DESVIACIÓN
Gastos de persoal	78.677,29	90.499,26	11.821,97	-15,03
Outros gastos da actividade	37.922,48	78.765,39	40.842,91	-107,70
Amortización inmovilizado	0,00	11.843,22	11.843,22	-100,00
Amortización débeda	33.000,00	0,00	-33.000,00	100,00
Seguro deportivo	220.000,00	235.606,15	15.606,15	-7,09
Gastos arbitraxes/liga	143.243,00	115.189,45	-28.053,55	19,58
Gastos financeiros	0,00	2.908,00	2.908,00	-100,00
Gastos tecnificación	507.409,50	180.188,11	-327.221,39	64,49
<b>TOTAIS</b>		<b>1.020.252,27</b>	<b>714.999,58</b>	

INGRESOS	PREVISTO	REALIZADO	DESVIACIÓN	% DESVIACIÓN
Formación	10.000,00	50.960,00	-40.960,00	409,60
Patrocinios + convenios	236.653,27	96.933,85	139.719,42	-59,04
Seguro deportivo	220.000,00	276.628,61	-56.628,61	25,74
Arbitraxes + sancións + tasas	128.000,00	103.092,80	24.907,20	-19,46
Torneos + Campus	96.000,00	0,00	96.000,00	-100,00
Dereitos de participación	50.099,00	0,00	50.099,00	-100,00
Secretaría Xeral para o Deporte	190.000,00	189.614,00	386,00	-0,20
Subvencións outros organismos	89.500,00	82.483,33	7.016,67	-7,84
Prestacións de servicios	0,00	18.185,00	-18.185,00	
Material deportivo	0,00	3.526,40	-3.526,40	
<b>TOTAIS</b>		<b>1.020.252,27</b>	<b>821.423,99</b>	

### NOTA 18 – FEITOS POSTERIORES Ó PECHÉ CONTABLE

A Xunta Directiva da Federación procedeu a reformular as Contas Anuais de Pymes formuladas con data de 30 de Xuño de 2021 e aprobadas na Asemblea o 10 de Xullo de 2021, co obxecto de rexistrar gastos por seguros deportivos correspondentes ó exercicio 2020 tras haber detectado un erro de cálculo e completar outra información omitida na memoria entre a que destaca a liquidación do orzamento e a aplicación de elementos patrimoniais a fins propios.

Con data 1 de agosto de 2021 realizáronse cambios na composición da Xunta Directiva da Federación, aprobada pola Secretaría Xeral para o Deporte con data 18/10/21. A nova composición da Xunta Directiva queda conformada da seguinte maneira:

<b>Presidente:</b> BRUNO LOPEZ MOLINA
<b>Vicepresidente 1:</b> JOSÉ IGNACIO PERMUY VARELA
<b>Vicepresidente 2:</b> FERNANDO MOSQUERA PEREZ
<b>Secretaria:</b> CARLA ABAD ALONSO
<b>Tesoureira:</b> PATRICIA SANMIGUEL GARCÍA
<b>Vogais:</b> JESÚS VARELA MARTINEZ
ÓSCAR PEIXOTO GONZÁLEZ
M <sup>a</sup> ELENA ÉSTEVEZ PÉREZ
MANUEL ÁNGEL LÓPEZ PENELA
BORJA REINALDO TAJES SAR
FCO JAVIER RODRÍGUEZ COSTAS
FERNANDO CONDE FARIÑA

As contas anuais da Federación Galega de Balonmán correspondentes ó exercicio pechado o 31 de Decembro do 2020, formulanse a 30 de outubro do 2021 e identifícanse por estares estendidas no anverso de 23 follas.

O Presidente,



Bruno López

A Secretaria,



Carla Abad Alonso

A Tesoureira,



Patricia Sanmiguel